

1.- ENCADRE XEOGRÁFICO	1
2.- PAISAXE NATURAL	1
2.1.- TOPOGRAFÍA.....	1
2.2.- XEOLOXÍA	1
2.2.1.- Dominio da “Serie de Ordes”.....	1
2.2.1.1.- Rocas do Complexo de Melide.....	1
2.2.1.2.- Rocas ultrabásicas serpentizadas	1
2.2.1.3.- Metasedimentos do Complexo de Melide.....	2
2.2.2.- Esquistos de Ordes	2
2.2.3.- Ortogneis de Sobrado	3
2.3.- HIDROLOXÍA	3
2.4.- CLIMATOLOXÍA.....	4
2.4.1.- Clasificación de Thornthwaite	6
2.4.2.- Clasificación de Allue	7
2.4.3.- Clasificación de Papadakis	7
2.5.- ESPACIOS DE INTERÉSE NATURAL E PAISAXÍSTICO	7
3.- PAISAXE RURAL	10
3.1.- CULTIVOS E APROVEITAMENTOS.....	10
3.2.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD	12
4.- PAISAXE CONSTRUIDA	12
4.1.- ASENTAMIENTOS DE POBOACIÓN.....	12
4.1.1.- Distribución e tipoloxía dos asentamentos.....	12
4.1.2.- Tipoloxía edificatoria.....	16
4.2.- CONSTRUCCIÓN DE INTERESE ESPECIAL.....	16
4.2.1.- Arquitectura Relixiosa.....	16
4.2.2.- Arquitectura Civil	17
4.3.- INFRAESTRUCTURAS EXISTENTES	19

1.- ENCADRE XEOGRÁFICO

O termo municipal de Mesía atopa a súa ubicación xeográfica en latitude, 43° 06,8' norte e lonxitude, 8° 14,5' oeste, situándose no centro-oeste de Galicia e leste da provincia da Coruña. Linda ao norte con Cesuras e Abegondo, ao leste con Curtis e Vilasantar, ao sur con Boimorto e Frades e ao oeste con Ordes. Destacamos neste punto a parroquia de San Lourenzo de Bruma que atópase illada co respecto ao resto do concello, localizándose entre as parroquias de

Ten unha extensión de 106,56 km², o que supera abondo da media de Galicia que se sitúa en torno aos 94 km², e unha poboación de 3.033 habitantes o que nos dá unha densidade de poboación de 28,46 hab./km².

As entidades de poboación do termo municipal, 212 en total, distribúense ao longo de 12 parroquias: Santa Mariña de Albixoi, Santiago de Bascoi, Santiago de Boado, San Lourenzo de Bruma, San Martiño de Cabrui, Castro de San Sebastián, Santa María de Cumbrós, San Mamede de Lanzá, San Cristovo de Mesía, San Lourenzo de Olas, San Martiño de Visantofia e San Salvador de Xanceda.

A capital municipal, Xanceda, dista 42 km de Santiago e 46 km da capital de provincia. Dista 16 km de Ordes, la capital comarcal.

2.- PAISAXE NATURAL

2.1.- TOPOGRAFÍA

Mesía, situado na conca alta do río Tambre, presenta un relevo de formas suavemente onduladas, constituído por antigas superficies de erosión, a unha altitude entre 400 e 500 m.

As maiores alturas localízanse nos Montes de Tieira (500 m) situados no noroeste do municipio, no límite con Curtis. Desde aquí, o relevo desciende lixeiramente até atinxir unha altitude media de 400 m. Esta planitud do terreno débese a que o substrato rochoso está formado por materiais esquistosos da serie "Esquistos de Ordes" erosionable. Sobre estes materiais a rede hidrográfica, bastate densa formou amplos e abertos vales.

2.2.- XEOLOXÍA

Pode considerarse situada na zona Galicia Central-Tras os montes, definida por MATTE en 1968, e que se caracteriza pola ausencia parcial de afloramentos Devónico-Carboníferos, así como a ausencia total de Cámbrico en certos puntos da zona e a presenza de Ordovícico e un Silúrico esquistoso moi potente, un Precámbrico porfiroide e un Precámbrico antigo, esencialmente constituído de penas básicas metamorfizadas.

Os principais materiais que afloran son os gneises e esquistos de ordes, que se sitúan ao semellar sobre un grupo de penas básicas e ultrabásicas. A morfoloxía da zona está moi condicionada pola litoloxía dos materiais, así dentro da formación dos esquistos de Ordes, e só no borde noroccidental, poden verse restos dunha antiga superficie de erosión de coutas entre os 400 e 450 m., na cal se escava a rede hidrográfica actual.

Desde o punto de vista estratigráfico, é necesario dividir a zona en estudio en varios dominios como consecuencia das marcadas diferencias litoestratigráficas, considerándose dous: Dominio "Olla de Sapo" e dominio da "Serie de Ordes", se ben e pola súa localización centraremos no último.

2.2.1.- DOMINIO DA "SERIE DE ORDES"

Dentro deste dominio distínguense tres grandes grupos de penas:

2.2.1.1.- Rocas do Complexo de Melide

Englóbense dentro deste complexo unha serie de rocas básicas, tipo peridotita, e/ou serpentina e anfíbolita, con algúns metasedimentos de moi limitada superficie de afloramento. Un segundo afloramento destes materiais, de forma mais ou menos triangular, aparece no núcleo dunha antiforma fallada, onde fica laminado a case totalidade do flanco occidental.

Hai que sinalar que as peridotitas dan xeralmente zonas de relevo acusado, e aínda que a rocha estea xeralmente moi serpentizada produce solos de escasa potencia, sendo zonas case deshabitadas e só aptas para o pastoreo.

Por outro lado as anfíbolitas que afloran asociadas ás peridotitas dan xeralmente formas deprimidas de relevo; trátase, en xeral, de afloramentos abondo meteorizables, polo que sobre eles se desenvolven potentes solos, aptos para soportar extensas áreas de cultivo.

2.2.1.2.- Rocas ultrabásicas serpentizadas

Neste tipo se agrúpanse unha serie de rocas formadas por olivino e piroxeno. Son penas orixinalmente granuladas, aínda que cando están alteradas acostuman a presentar unha textura de malla. Con frecuencia atópanse cabalgantes sobre as anfibolitas, aparecendo no límite de ambas formacións un tramo de esquistos con clorita e talco formados por metamorfismo dinámico.

Outro punto moi interesante para estudar este contacto áchase nas proximidades de Pumares. Aquí aparecen as peridotitas e serpentinas sobre a masa anfibólica, se ben o contacto non é neto, xa que existe unha zona de tránsito duns 20 m. de potencia onde xacen masas abucinadas de peridotitas dentro das anfibolitas, rodeadas por esquistos de clorita.

Anfibolitas

Estas penas, que aparecen asociadas ás penas ultrabásicas, por un lado, e aos metasedimentos, por outro, presentan unha grande variedade litolóxica. En conxunto son penas orientadas, cunha foliación visible con frecuencia abondo marcada, como consecuencia dun reaxuste mineral de orixe tectónica, presentada ás veces a pena un aspecto bandeado.

- Anfibolitas "en folerpas" ou "Flocons"

Afloran sempre en relación coas penas ultrabásicas e semellan situarse inmediatamente sobre elas, como se observa no Monte Castro e en xeral en todo o cabalgamento hercínico mais externo. Microscópicamente son penas moteadas, de cor esverdeada, de gran medio a grosso, algo foliadas, e formadas case por feldespatos e anfíbois.

- Anfibolitas granatíferas e pyrigarnias

Este grupo de anfibolitas granatíferas, ás veces con piroxenos, aparece en relación clara cos metasedimentos do "Complexo de Melide", semellando situarse por embaixo deles, como pode apreciarse na zona de Filgueira a Pezobre, e na pista entre Novela e Belmil, no afloramento de metabasitas.

Estas penas son de cor esverdeada, xeralmente de gran medio a fino, compactas, de fractura irregular e borde cortante; grande número de granates mostran un claro bandeado de orixe tectónica. A pena está formada por granates, anfíbois e plagioclasas, case exclusivamente.

2.2.1.3.- Metasedimentos do Complexo de Melide

Asociado ás penas básicas e ultrabásicas do "Complexo de Melide", aparece unha serie de afloramentos de metasedimentos que puideron agruparse, de acordo cos datos petrolóxicos, en dous litotipos: Esquistos en facies de laxes verdes, e gneises con distena.

- Esquistos en facies de laxes verdes

Especialmente atópanse relacionados coas anfibolitas, e ao parecer sitúanse concordantemente e en tránsito gradual sobre elas. En case todo o afloramento aparecen as anfibolitas sobre os metasedimentos, o cal fai pensar que o sector constitúe un flanco invertido. Trátase de penas de cor gris-amarillento foliadas, de gran fino, e con abundancia de moscovita

- Gneises con distena

No segundo afloramento das penas, aparecen uns metasedimentos, ás veces con distena, en clara relación espacial coas anfibolitas e co ortogneis. Nos puntos onde os contactos foron ben observados, estes metasedimentos semellan situarse sobre as anfibolitas e embaixo do ortogneis. Semella que estes sedimentos pertencen á "Serie de Ordes", tratándose en definitiva duns tramos próximos á base de dita formación, ao estar especialmente relacionados coas anfibolitas e por tanto equivalentes aos definidos como esquistos en facies de laxes verdes.

É posible que os esquistos de "Ordes" asociados ás penas básicas do "Complexo Melide" evolucionasen de forma distinta ante as etapas posteriores do metamorfismo ao estar incluídas entre a masa granítica por un lado e as metabasitas por outro. Isto explicaría as notables diferencias petrolóxicas que se observan. Por outra parte, o salto de metamorfismo cos esquistos de Ordes poderían ser tamén debido á actuación da grande falla que pon en contacto o ortogneis con ditos materiais.

2.2.2.- ESQUISTOS DE ORDES

Trátase de esquistos e esquistos cuarcíticos, con algún nivel algo mais areoso e esporádicos lentellons decimétricos de esquistos ou gneises anfibolíticos. Os materiais desta serie están totalmente transpostos pola esquistosidade de fluxo de fase II, que risca a case totalidade das estruturas sedimentarias; estas consérvanse, aínda que moi debilmente, na zona oriental do afloramento de Ordes, gracias ao menor grao de metamorfismo. Asociado á fase IV, aparece unha segunda esquistosidade de crenulación, que adquire un grande desenvolvemento dentro da "Serie de Ordes", aparecendo como unha esquistosidade de fractura moi

desenvolvida, case vertical, lixeiramente vertente ao Este, e que forma un ángulo duns 30° coa esquistosidade de fluxo de Fase II.

Tanto o contacto peridotitas-anfibolitas como o de anfibolitas-metasedimentos se dá neste estudio como un contacto acordante, contacto que mellor reflicta as relacións estratigráficas das penas anteriormente mencionadas.

2.2.3.- ORTOGNEIS DE SOBRADO


Diminúe progresivamente o seu afloramento de norte a sur, na folla na cal se encadra o concello, polo que non require maior estudio para o mesmo, limitándose á súa enumeración e non o seu posterior desenvolvemento.

2.3.- HIDROLOXÍA

Os principais ríos que percorren o termo son o Tambre, que discorre polo sur, no límite con Boimorto e os afluentes que recibe pola súa marxe dereita: o Samo, que nacendo nos Montes da Tieira percorre o sector setentrional, así como outros de menor entidade como o Maruzo, regueiro de Molar, Gaiteiro, etc...

- Río Tambre: discorre de norte a sur, polo sueste do concello, servindo de límite natural co veciño concello de Boimorto, sendo os seus principais afluentes, dentro do término municipal, o rego da Costeira, que nace na parroquia de Cumbraos e atravesa, augas abaixo, a parroquia de Castro, e o rego da Fontefría que fai os propio dende a mesma parroquia actuando como límite natural entre Lanzá e Castro.
- Río Samo: discorre pola zon norte do concello, deste a oeste ao longo das parroquias de Cabrui, Bascoi, Mesía e Ondas, sendo o seu principal afluente o río Traveso, que cumpre as funcións de límite parroquial entre Visantón e Ondas.

O resto da rede hidrográfica baséase en pequenos cursos que cumpren a función de abastecer aos núcleos de poboación próximos a eles.



2.4.- CLIMATOLOXÍA

Para o establecemento dos datos climatolóxicos do municipio, recórrese aos resultados achegados pola estación de Mabegondo, instalada no 2000 e que achega un maior rango de contraste nos seus datos e a estación de Olas, instalada en 2005. Na seguinte táboa especificanse as coordenadas xeográficas (a altitude especificase respecto ao norte e a lonxitude respecto ao meridiano de Greenwich) e a altitude.

Nome	Coordenadas xeográficas		Altitude (m)
	Lonxitude	Latitude	
Mabegondo	560004	4788196	60
Olas	558736	4775147	401



A estación de Mabegondo atópase integrada polos seguintes sensores:

- *Catavento*
- *Piranómetro*
- *Pluviómetro de Cazoliñas*
- *Sonda de humidade do solo*
- *Sonda de Presión*
- *Sonda de Temperatura de Superficie*
- *Sonda de Temperatura do Solo*
- *Sonda de Temperatura e Humidade*

Polo contrario a estación de Olas so posúe os seguintes sensores:





- *Piranómetro*
- *Pluviómetro de Cazoliñas*
- *Sonda de Temperatura e Humidade*

MABEGONDO-A





RESUMO ANUAL


Tª media: 13.0 °C
 Tª máx. media: 18.7 °C
 Tª mín. media: 7.6 °C
 Tª máx. absoluta: 34.5 °C 04/08/07
 Tª mín. absoluta: -4.9 °C 16/12/07
 Humidade estándar: 85 %
 Precipitación total: 747 mm
 Horas de sol: 2 267 h
 Irradiación media diaria: 11.6 MJ/m²
 Velocidade media vento: 1.9 m/s




Temperatura e humidade relativa - (Mabegondo)





Radiación solar - (Mabegondo)



Precipitación - (Mabegondo)




OLAS-A





RESUMO ANUAL


Tª media:	11.2 °C
Tª máx. media:	16.3 °C
Tª mín. media:	7.2 °C
Tª máx. absoluta:	31.8 °C 27/08/07
Tª mín. absoluta:	-2.0 °C 17/12/07
Humidade estándar:	82 %
Precipitación total:	1025 mm
Horas de sol:	2034 h
Irradiación media diaria:	12.6 MJ/m²
Velocidade media vento:	-




Temperatura e humidade relativa - (Olas)



Radiación solar - (Olas)



Precipitación - (Olas)



Dentro da publicación "Climatología de Galicia", e coa intención de obter a maior precisión na tipificación climática de Galicia, escolléronse tres sistemas ou clasificacións climáticas, debidos a THORNTHWAITE (1948), ALLUE (1966) e PAPADAKIS (1966), cada un con diferentes puntos de vista e todos de ampla difusión.

2.4.1.- CLASIFICACIÓN DE THORNTHWAITE

Este autor, despois de ter calculado os diferentes elementos do balance hídrico nunha estación, traduce a interpretación destes resultados segundo catro criterios (grao de humidade, eficacia térmica, variación estacional da humidade e concentración estival da eficacia térmica) que pola súa combinación permiten clasificar os climas. A partir dos resultados destes índices e os valores de E.T.P. anual e estival obtéñense os seguintes tipos de climas:


1.- En función do índice hídrico anual (REXIÓN DE HUMIDADE), o concello de Mesía pertence á rexión do tipo PERHÚMEDO ($I_h > 100$).

2.- En función da E.T.P. anual (REXIÓN TÉRMICA), parte norte do municipio atópase enmarcada na zona B1', tipo mesotérmico I, ao estar o índice de evapotranspiración potencial (E.T.P.) comprendido no intervalo de 570-712 mm; en cambio, a parte sur do termo pertencería á rexión B2', tipo mesotérmico II, con un E.T.P. comprendido entre 712-855 mm).

3.- En función dos índices de aridez e de humidade (VARIACIÓN ESTACIONAL DA HUMIDADE), pódese dicir que o déficit de auga en verán é pequeno ou ningún, ao estar o índice de aridez comprendido entre 0 e 16,7.

4.- En función da concentración estival da eficacia térmica (CONTRASTE TÉRMICO), o municipio de Mesía atopase, pola zona norte, na zona denominada A' (C menor que 48) e pola sur, na zona B4' (C comprendido entre 48,0 e 51,9), polo que se pode dicir que o grao de rigor do verán respecto ao resto do ano é suave.

Un tipo climático viría definido pola combinación dos catro criterios anteriores. Sen embargo, dado que a consideración conxunta de todos eles conduciría a unha sectorización territorial intensa, en "Bioclimatología de Galicia" delimitáronse as zonas homoclimáticas existentes mediante a superposición das rexións de humidade e térmicas. Dos once tipos climáticos resultantes en Galicia, o municipio de Mesía estaría incluído en dous deles: parte norte pertencería ao tipo denominado AB1' (régime térmico Mesotérmico I e réxime de humidade Perhúmedo), mentres que a zona sur se incluíría no tipo AB2' (con un réxime térmico Mesotérmico I e un réxime de humidade igualmente Perhúmedo).



TIPOS CLIMATICOS

(Clasif. De Thornthwaite)

TIPO CLIMATICO		SIMBOLO
Perh.	Microt. II	AC ₂
	Mesot. I	AB ₁
	Mesot. II	AB ₂
Húmido IV	Mesot. I	B4B ₁
	Mesot. II	B4B ₂
Húmido III	Mesot. I	B3B ₁
	Mesot. II	B3B ₂
Húmido II	Mesot. I	B2B ₁
	Mesot. II	B2B ₂
Húmido I	Mesot. I	B1B ₁
	Mesot. II	B1B ₂

2.4.2.- CLASIFICACIÓN DE ALLUE

Entre as subrexións fitoclimáticas desta clasificación atopáronse en Galicia as seguintes:

- Mediterránea subhúmida de tendencia atlántica, IV(V).
- Mediterránea subhúmida de tendencia centroeuropea, IV(VIN).

- Atlántico europeo, V(VIN).
- Centroeuropeo, (VIN).
- Alta montaña, (X).

O concello de Mesía está encadrado na subrexión V(VIN), Atlántico europeo. Esta subrexión, de influencia oceánica acusada, presenta un réxime térmico mais suave que a IV(VIN).

2.4.3.- CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS

A clasificación de PAPADAKIS caracteriza o clima desde o punto de vista agroecolóxico. Utiliza os valores extremos das variables climáticas, como factores limitantes na distribución de distintos cultivos. Os parámetros nos que se basea esta clasificación son:

- Temperaturas medias das mínimas absolutas anuais e mensuais.
- Duración da estación libre de xeadas mínima, dispoñible e media.
- Temperaturas medias das máximas e das mínimas.
- Elementos propios do balance hídrico.
- Os límites de separación dos tipos climáticos correspóndense cos límites naturais de determinados cultivos.

Papadakis define os distintos tipos climáticos en función dos réximes térmicos e de humidade. A determinación dos réximes térmicos establécese a partir das correspondentes equivalencias cos tipos de inverno e de verán atopados en Galicia. Para o municipio de Mesía, atopámonos cun tipo de inverno Av (avea cálida) e un tipo de verán constituído por M (millo) e T (triticum menos cálida), cun réxime térmico do tipo Pirenaico (PA) na zona norte e Morno cálida (CHE) na zona sur. Pola súa parte, o réxime de humidade é Húmido (Hu), caracterizado pola ausencia de meses secos, un índice de humidade anual (Iha) maior que 1, e a auga de lavado (Ln) superior ao 20% da E.T.P. anual.

Partindo dos datos anteriores, atopámonos en Mesía cun tipo climático, segundo a clasificación de Papadakis, Morno cálida (CHE-Hu), adecuado para cultivos criófilos (trigo, avea, chícharos, patacas, remolacha, trevo e froiteiras) e con bos rendementos de millo.

2.5.- ESPACIOS DE INTERÉSE NATURAL E PAISAXÍSTICO

O termo municipal de Mesía atópase afectado pola delimitación do Lugar de Interese Comunitario (LIC) e atópase recollido na proposta de delimitación das Rede Natura 2000 da

Consellería de Medio Ambiente e máis concretamente no que abrangue a ZEPVN-LIC / Río Tambre.

Segundo os datos recabados na mencionada Consellería, as características deste espacio son as seguintes:

Conca media do río Tambre, definida polo tramo entre a incorporación pola beira dereita do río Maruzo (Frades) e a confluencia co río da Sionlla (Santiago de Compostela), que se lle une pola marxe esquerda. Inclúe, ademais, outros afluentes que na súa maior parte se lle incorporan pola beira dereita, como o Samo, o Lengüelle e varios pequenos tributarios destes. A pendente media do Tambre na zona é do 1,3% e ao final do tramo o seu caudal absoluto medio é de 38 m³/seg.

Os esquistos de Ordes predominan no substrato litolóxico na parte máis alta, aínda que pouco máis abaixo do seu paso por Sigüeiro pasan a dominar os granitos de dúas micas e o río comeza a facerse máis tortuoso xa fóra da área protexida. En xeral, todos os cursos fluviais que compoñen o LIC, incluído o Tambre nesta sección, presentan unha morfoloxía pouco encaixada, que unicamente se fai algo patente no tramo alto, onde se produce a confluencia co Samo e o Maruzo. Inmediatamente augas abaixo da desembocadura do Lengüelle, que discorre por unha penichaira, existían unhas zonas húmidas turbosas (Braña Grande e Braña Pequena de Berreo), na actualidade case drenadas por completo, que eran restos dun antigo meandro. A planitude xeral vese reflectida claramente no rango altitudinal do LIC, moi reducido tendo en conta a amplitude da área da conca baixo protección, que vai desde os 220 aos 340 m s.n.m., cunha media de 261 m.

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico hiperhúmido, cunha precipitación de 1.683 mm (estación de Montaos), concentrada entre os meses de decembro e marzo (máximo caudal en febreiro) e unha temperatura media de 12 °C.

Código do LIC

ES1110016

Situación

Conca media do Tambre, a cabalo das comarcas de Ordes e Santiago, na zona central da provincia da Coruña. Localidades de referencia: Ordes, Sigüeiro e Frades.

Concellos

Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela, O Pino.

Superficie

151,70 ha.

Outras figuras de protección

Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Accesos

A estrada N-550, entre Ordes e Santiago de Compostela, que intersecta ou se aproxima ao LIC en varios puntos (por exemplo, na conca alta do Lengüelle, no río da Sionlla ou no propio Tambre) é a vía principal a partir da cal poderemos achegarnos por medio de múltiples desvíos (a Tordoia, a Frades, etc.) aos diferentes ríos que conforman o espazo natural.

Descrición

Río Tambre. Conca media do río Tambre, definida polo tramo entre a incorporación pola beira dereita do río Maruzo (Frades) e a confluencia co río da Sionlla (Santiago de Compostela), que se lle une pola marxe esquerda. Inclúe, ademais, outros afluentes que na súa maior parte se lle incorporan pola beira dereita, como o Samo, o Lengüelle e varios pequenos tributarios destes. A pendente media do Tambre na zona é do 1,3% e ao final do tramo o seu caudal absoluto medio é de 38 m³/seg.

Os esquistos de Ordes predominan no substrato litolóxico na parte máis alta, aínda que pouco máis abaixo do seu paso por Sigüeiro pasan a dominar os granitos de dúas micas e o río comeza a facerse máis tortuoso xa fóra da área protexida. En xeral, todos os cursos fluviais que compoñen o LIC, incluído o Tambre nesta sección, presentan unha morfoloxía pouco encaixada, que unicamente se fai algo patente no tramo alto, onde se produce a confluencia co Samo e o Maruzo. Inmediatamente augas abaixo da desembocadura do Lengüelle, que discorre por unha penichaira, existían unhas zonas húmidas turbosas (Braña Grande e Braña Pequena de Berreo), na actualidade case drenadas por completo, que eran restos dun antigo meandro. A planitude xeral vese reflectida claramente no rango altitudinal do

LIC, moi reducido tendo en conta a amplitude da área da conca baixo protección, que vai desde os 220 aos 340 m s.n.m., cunha media de 261 m.

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscíbese ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico hiperhúmido, cunha precipitación de 1.683 mm (estación de Montaos), concentrada entre os meses de decembro e marzo (máximo caudal en febreiro) e unha temperatura media de 12 °C.

Hábitats

Hábitats de interese comunitario (incluídos no Anexo I da Directiva 92/43/CEE) presentes no LIC:

- Lagos eutróficos naturais con vexetación *Magnopotamion* ou *Hydrocharition*.
- Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de *Ranunculion* e de *Callitricho-Batrachion*.
- Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.
- Uceiras secas europeas .
- Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*).
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

Flora e vexetación

O bosque de ribeira galaico-portugués, correspondente á asociación *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae*, é o medio máis característico e estendido do LIC, abarca un 30% da súa superficie. A cohorte arbórea deste bosque-galería, do que existen algunhas formacións densas e ben conservadas, está presidida polo ameneiro (*Alnus glutinosa*), que se ve acompañado polo salgueiro (*Salix atrocinerea*), e os freixos (*Fraxinus excelsior*) e, máis raramente (*Fraxinus angustifolia*), entre outros compoñentes do estrato arbóreo. Nalgúns sectores, o bosque ripario dá paso a pequenas carballeiras (asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris*), que se sitúan algo máis elevadas, aínda que poden mesturarse parcialmente co anterior, e están caracterizadas polo carballo (*Quercus robur*), o sanguinho (*Frangula alnus*), e o acivro (*Ilex aquifolium*), entre outros.

As pradarias somerxidas de hidrófitos propios de augas correntes moderadamente profundas, nas que entran varias especies de espigas de auga (*Potamogeton spp.*), a herba lameira (*Callitriche stagnalis*), e o pé de boi (*Oenanthe crocata*), constitúen outro dos hábitats característicos destes ríos. *Narcissus cyclamineus*, especie listada no anexo II da Directiva hábitats e endemismo de Galicia e norte de Portugal, medra tamén nas súas ribeiras.

Fauna

Libellula spp. Entre os invertebrados ameazados en Europa e incluídos no anexo II da Directiva hábitats están presentes no LIC o caracol (*Elona quimperiana*), a lesma (*Geomalacus maculosus*), o coleóptero (*Lucanus cervus*), os odonatos (*Macromia splendens*, *Oxygastra curtisii* e *Coenagrion mercuriale*). Estes dous últimos manteñen poboacións de grande importancia no ámbito estatal (área Lengüelle-Tambre).

Ademais da troita común (*Salmo trutta fario*), dous peixes continentais endémicos de interese habitan nesta parte da conca: a boga do Douro (*Chondrostoma duriense*), e a boga (*Chondrostoma arcasii*).

A herpetofauna está integrada por 13 especies de anfibios e 8 de réptiles. Á parte da píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), e o máis común lagarto das silveiras (*Lacerta schreiberi*), endémicos do noroeste ibérico e incluídos no anexo II da Directiva hábitats, están presentes outros endemismos peninsulares, como o limpafontes ou tritón ibérico (*Lissotriton boscai*), e a ra patilonga (*Rana iberica*).

Ademais das aves típicas do río, como son o picapeixe (*Alcedo atthis*), o merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), a lavandeira real (*Motacilla cinerea*), o lavanco (*Anas platyrhynchos*), e a garza real (*Ardea cinerea*), o bosque de ribeira e as carballeiras abeiran un gran número de aves terrestres, entre as que se contan as papuxas (*Sylvia spp.*), picafollas (*Phylloscopus spp.*), rousiños bravos (*Cettia cetti*), ferreiriños (*Parus spp.*), estrelañas riscadas (*Regulus ignicapillus*), ouriolos (*Oriolus oriolus*), e, durante o inverno, ubalos (*Carduelis spinus*).

Entre os mamíferos é destacable a presenza do desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*), e a lontra (*Lutra lutra*), recollidos no anexo II da Directiva hábitats, así como a musaraña de Cabrera (*Neomys anomalus*), a rata de

auga (Arvicola sapidus), o tourón (Mustela putorius), e o armiño (Mustela erminea).

Non obstante, de forma xenérica tamén, a Consellería de Medio Ambiente realizou o inventario dos humedais cun protocolo homologado co inventario nacional, de maneira que se poidan sinerxizar os esforzos realizados por ambas administracións. A participación no COP8, o Convenio dos membros Ramsar é unha expresión mais da disposición da administración de Galicia cara os medios húmidos.

A valoración social dos humedais experimentou nas últimas décadas un vertixinoso troco. Os humedais pasaron de ser áreas improdutivoas e insáns, manifestamente mellorables, a constituír elementos clave na conservación da biodiversidade e do uso sostible do territorio.

A grande riqueza e diversidade dos compoñentes bióticos e abióticos dos humedais fan que se atopen entre os ecosistemas mais complexos e productivos do planeta. Posúen unha grande variedade de biotopos e hábitats intermedios entre os ambientes terrestre e acuático, e xogan, por tanto, un importante papel na conservación da biodiversidade e no desenvolvemento económico.

O seguinte cadro recolle os diferentes humedais que en maior ou menor medida afectan á superficie do concello:

Cód. IHG	Nome do humedal	Superficie (ha)	UTM X huso 29T (m)	UTM Y huso 29T (m)
1110023	O Maruzo	0,25	566.104	4.770.817
1110077	Salgueiro	3,83	564.093	4.767.341
1110078	As Capelas	6,46	565.157	4.768.259

3.- PAISAXE RURAL

3.1.- CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

O concello de Mesía, pola súa situación xeográfica, considerada xa a grande escala (dentro desa grande rexión zooxeográfica que é a Paleártica), como a pequena escala (pola súa situación en primeira instancia no noroeste peninsular, e en segunda instancia nun área central de Galicia), polas súas características bioclimáticas (considerando temperaturas,

precipitacións, humidade, horas de exposición solar directa) así como polo seu relevo e superficie formada por un substrato de penas metamórficas, presenta unha flora autóctona característica do clima atlántico europeo, á que hai que sumar a propia dos cultivos e das repoboacións forestais.

Ditos factores xunto coa flora determinan a existencia dunha fauna propia. A flora e a fauna non se distribúen uniformemente, se non segundo as distintas zonas, ben diferenciadas, presentes no termo municipal, que van desde as veigas chás, chairas aluviais, formadas por sedimentos arrastrados polos ríos, ata as áreas que poderíamos chamar de montaña, que ocupan as coutas mais altas e que en ocasións presentan un accidentado relevo con fortes desniveis, o que condiciona a presenza da actividade humana e, polo tanto o destino dese solo para un ou outro uso.

Tendo en conta a climatoloxía do concello de Mesía son posibles os seguintes cultivos:

Leguminosas para gran (xudías, fabas, lentellas, veza, almorta, etc.) en sembra outonal ou primaveral, tubérculos (pataca, etc.), cultivos industriais (remolacha azucreira, liño), cultivos forraxeiros (fleo, dáctilo, festuca, alfalfa, veza, trevos, etc.), hortalizas de folia ou tallo (col, leituga, espinacas), de froito con limitacións (sandía, melón, cabaza, berenxena, etc.), de flor (alcachofa, coliflor), raíces ou bulbos (allo, cebola, porro, cenoria, etc.), froiteiras de pebida ou hoso (maceira, cerdeira, ameixeira, con limitacións pereira, etc.), de froito seco (amendoeira, nogueira, abeleira) e videira.

No concello de Mesía atopámonos cos seguintes cultivos e aproveitamentos:

- Labor intensiva
- Prados
- Mosaico de pradarias e cultivos
- Pradaría arbolada
- Matorrais
- Superficies arboradas con especies forestais
- Improductivo

Labor intensiva

En xeral, tanto os cultivos como as alternancias seguen correspondendo a un policultivo de subsistencia con certo avance cara á gandaría vacúa e os cultivos en que esta se apoia.

A alternancia de cultivos é a común para a rexión. En primavera seméntase pataca ou millo, cultivos aos que en outono substitúe un cereal para gran (trigo ou centeo) ou unha pradaría con tres-cinco anos de duración.

No verán seguinte levántase o cereal e seméntase nabos forraxeiros sós ou con alcacer de trigo ou centeo, existindo diferenzas na forma de cultivo e no aproveitamento. Normalmente adóitanselle dar dúas cortes ao alcacer, un a finais de outono e outro en primavera, mentres que os nabos se aproveitan paulatinamente durante o inverno, segundo as necesidades do gando.

Na primavera levántanse nabos e pradaría para re comezar o ciclo.

Dentro doutros cultivos permanentes destaca o col forraxeiro variedade cabalar ou galega cunha duración de dous ou tres anos sobre o terreo. As producións medias estimadas son as seguintes:

	<u>Tm/Ha</u>
Millo gran según ciclos	3,5 – 5,5
Millo forraxe	50
Pataca	12 – 20
Trigo	1,3 – 1,6
Centeo	1,2 – 1,4
Alcacer	8
Nabos forraxeros	15 – 20
Pradarías sembradas	45

Prados

As pradarias naturais están situadas en zonas máis ou menos húmidas, predominando nos vales de inundación do río Lenguelle e do río Tambre e os seus afluentes ou teñen riscos case continuos que cesan na estiaxe, polo que adoitan estar moi poboados de plantas hidrófilas.

O aproveitamento principal é mediante sega o primeiro corte e con aproveitamento posterior a dente se as condicións do terreo o permiten. A súa produción estimada pode oscilar entre as 25.000 e 30.000 Tm/Ha de forraxe.

A pradaría sementada adoita ser polífita a base de Ray-Grass italiano, Dactylo, Trevo violeta e Trevo branco con fórmula de sementeira 4/10/10/2 Kg/ha, respectivamente, con aproveitamento a sega e unha duración de tres a catro anos, ou, tamén a base de Ray-Grass italiano Dactylo, Trebol branco común e Trevo ladino, con fórmula de sementeira

10/10/2/1 Kg/ha, respectivamente, con aproveitamento a dente e de menor importancia en extensión que a fórmula anterior.

A produción destas pradarias está comprendida entre as 40 e 50 Tn/Ha e a carga gandeira pode situarse en dúas vacas por hectárea.

Mosaico de pradarias e cultivos

Este aproveitamento está formado por un mosaico de parcelas de cultivo e parcelas de pradarias. A proporción de pradaría é do 20% -30%, sendo esta sementada e forma parte da alternativa de cultivos, ou natural e non entra nesta, ocupando zonas húmidas, ou baixas ou están fortemente regadas.

Pradaría arborada

Son pradarias naturais situadas en zonas húmidas ou próximas a cursos de auga, caracterizadas pola presenza de árbores agrupadas en bosquetes, en liñas ou ben illadas cunha fracción de cabida cuberta comprendida entre 5% e 20%. Ditas masa localízanse nas marxes do río Samo e os seus afluentes.

Matorrais

Está formado pola alianza Ulición nanae, é dicir toxais que no sueste e sobre chans Gley ten unha abundante presenza de Erica tetralis, dentro da orde Calluno-lulicetalia formada por breixeiras, toxais e retamares atlánticos, consecuencia da degradación de Quercetea robori-Petraeae.

O aproveitamento da matogueira realízase como cama de gando e posterior abono orgánico para terras cultivadas, co que a fertilidade destes chans está sometida a un desgaste continuo.

Superficie arborada con especies forestais

Os bosques disclimax configuran máis do 73% do arboredo, formados por piñeiros marítimos e insigne e eucalipto, con grande predominio do primeiro, abundando as manchas con carballos subordinados e en menor grao castiñeiros.

As masas de piñeiro marítimo están formadas con pés de moi distintas idades cunha fracción de cabida cuberta que oscila entre 30% e un 70%.

As quendas de curta son duns vintecinco anos tendendo a diminuír a medida que aumenta a demanda madeireira e cunha produción que chega dificilmente aos 4 ou 5 m3/Ha debido a o seu pouca densidade de plantación.

O seu aproveitamento principal son como madeira para envases, tarimas, encofrados, pastas celulósicas, taboleiros de partículas e fibras, apeas de mina, etc.

A superficie de piñeiro insigne está formada por manchas pequenas que adoitan ocupar parcelas dedicadas anteriormente a labor intensivo, alcanzando entón unha grande densidade de plantación.

A súa quenda de curta son duns vintecinco anos e a súa madeira aprovéitase para pastas celulósicas e taboleiros de partículas e de fibra.

Improdutivo

Estas correspóndense unicamente aos núcleos urbanos, canteiras, estimándose nunha porcentaxe moi pequena o debido a estradas, camiños e correoiras así como a ferrocarrís, cursos de auga, etc.

3.2.- ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

No termo municipal de Mesía atopámonos con dúas realidades claramente diferenciadas. Por un lado temos un proceso de concentración parcelaria realizado pola Consellería de Agricultura, nalgunhas das parroquias aínda en execución, que afectou ás parroquias que se indican no cadro adxunto, concentrando todos os terreos das diferentes parroquias, agrícolas e de monte, desde os mais productivos ata os menos productivos, desde os mais afastados ata contiguos aos núcleos rurais e/ou mesmo urbanos, chegando ata o interior destes e creando unha rede de camiños de comunicación entre eles. Polo outro temos un proceso de segregación parcelaria efectuado polos propietarios, sobre todo nos núcleos rurais e en menor medida no solo rústico, realizado fundamentalmente con fins urbanísticos no primeiro dos casos e con finalidades hereditarias e de reorganización da propiedade no segundo.

En ambos casos, e sobre todo nas parroquias nas que non actuou a concentración parcelaria, aínda existe un elevado número de parcelas de dimensións moi pequenas para ser útiles para unha explotación agrícola moderna ou forestal.

Polo que respecta ás propiedades destinadas a explotación forestal, nas zonas non concentradas a parcelación chegou a dar parcelas de superficie pequena.

Nas parcelas de núcleo os trocos de propiedade, agregacións e segregacións, deron parcelas de superficies dispares, desde grandes parcelas de uso agrícola inseridas no tecido destes, ata parcelas subdivididas en función da parcela mínima fixada polas NN SS municipais.

CONCENTRACIONES PARCELARIAS DO CONCELLO DE MESÍA

DENOMINACIÓN	CONCELLOS AFECTADOS	DATA DE INICIO
ALBIXOI - LANZÁ	Mesía	15/09/77
BASCOI	Mesía	30/12/81
BOADO	Mesía	18/09/67
CABRUI	Mesía	15/12/78
CASTRO - CUMBRAOS	Mesía	24/02/85
MESÍA	Mesía	29/08/70
MESÍA II - XANCEDA	Mesía	22/09/95
OLAS	Mesía	25/09/68
OLAS II	Mesía	09/06/88
VISANTOÑA	Mesía	25/09/68
VISANTOÑA II	Mesía	31//05/89
XANCEDA - MESÍA II	Mesía	31//05/89

As concentracións parcelarias do concello de Mesía son relativamente recentes, presentando por tanto a día de hoxe aínda grandes potencialidades productivas. As peculiares características do concello fan que dentro dunha mesma concentración se inclúan labradíos, prados e montes desde primeira categoría ata a quinta, concentrando todas as parcelas, mesmo as vinculadas aos núcleos rurais. Isto dá como consecuencia que nas delimitacións dos núcleos que se podan plantexar no presente Plan Xeral, éstos contén ou non con área de expansión en función das características dos mencionados terreos e non polo mero feito de ser parcelas concentradas.

4.- PAISAXE CONSTRUIDA

4.1.- ASENTAMIENTOS DE POBOACIÓN

4.1.1.- DISTRIBUCIÓN E TIPOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS

Os distintos asentamentos distribúense dunha forma uniforme, cadrando principalmente coas zonas mais chás do concello, sendo a máis despoboadá aquela máis accidentada e peor comunicadas.

A partir dos datos do último censo municipal de habitantes de 2007 obtemos os seguintes datos:

Das parroquias que compoñen o municipio, Visantón é a mais poboada, aglutinando ela soa o 19,74% do total da poboación municipal, e una superficie que ronda o 12% do total, atopándose dentro das máis grande do concello.

O concello de Mesía conta na actualidade con 185 entidades de poboación sobre as que se asentan un total de 3.080 habitantes. O carácter destes núcleos é eminentemente rural e o seu tamaño é moi variable. A densidade de asentamentos resultante é de 1,74 núcleos por Km², o que unido á escasez de poboación nos dá unha idea da elevada dispersión do municipio.

O número de aldeas por parroquia, presenta unha grande variabilidade, variando entre os valores extremos de Bruma (1 núcleo) e de Mesía e Cabrui, ambos con 24 núcleos . Algo semellante pode decirse da superficies respectivas de cada parroquia, xa que están comprendidas entre os 1,11 Km² da máis pequena, Bruma, e os 14,58 Km² de Xanceda ou os 14,66 Km² de Mesía.

Apreciase, se comparamos a poboación dos diferentes núcleos, unha ralentización no desenvolvemento daqueles núcleos peor comunicados, sendo á inversa no resto, onde se produciu, en moitos dos núcleos, un aumento da vivenda moderna fronte á tradicional, e onde a tipoloxía edificatoria condicionou a tipoloxía dos asentamentos cunha tendencia á dispersión.

Os núcleos do termo municipal ordenados por parroquias son os seguintes:

PARROQUIA	NÚCLEO
ALBIXOI (SANTA MARIÑA)	CARBALLEIRA, A * CASA VELLA, A CASANOVA, A CASTIÑEIRAS FIEITEIRA, A FORMIGUEIRO, O FRAGA DA LATA, A FRAGA, A IGREXA, A LATA, A NOVÁS OUSENDE PARCEIRO, O

* **PENEDO**
PEREIRA
QUINTÁS
* **TABERNA, A**
TORRE, A
XEMERÁS
XESTOSA

BASCOI (SANTIAGO)

AMANDE
AUGALADA
BERMUI
BLANCOS, OS
CAMPO, O
* **CASA DE PENAS**
CORREDOIRAS, AS
* **CORUXEIRA, A**
FONDO, O
FONTE, A
FRAGA, A
GANDARELA
LIÑARCOVO
MEDIO, O
* **MUIÑO DE XAN GARCÍA, O**
PAREDES
PEDREIRA, A
POBRA, A
RAÑO, A
* **REGUEIRO DE ABAIXO, O**
REGUEIRO DE ARRIBA, O
SADORNÍN
TAMARÍN
TEIXOEIRAS, AS
UCEIRA, A
VILANOVA
VILARIÑO

BOADO (SANTIAGO)

ALDÍN
* **ALTO DE ABOI**
BARCIA
BARREIRO
CASTRO, O
ESPADANEDO, O
FONTORTO
GANDARELA
IGREXA, A
LAGARES
OUTEIRO, O
PAZO, O
VILAR DE ABAIXO, O

BRUMA (SAN LORENZO)	HOSPITAL		
CABRUI (SAN MARTIÑO)	ABENEIRAL, O * BRAÑA, A CANDAL, O CARGAS, AS CASANOVA, A * CASAS DO MARCO CRUCEIRO, O FOUCELLAS, AS FRAGA, A GÁNDARA, A IGREXA, A MOU PAZO, O PICOI RAÍÑA RÍO, O SANTA UXÍAS TARROEIRA, A TIEIRA DA BAIUCA, A TIEIRA GRANDE, A TIEIRA PEQUENA, A VILAR, O VILARDEVESA VILARENSAL VISTA ALEGRE ZACOTES DE ARRIBA * ZACOTES DE ABAIXO		* COMÚN, O FACHAS FONTE FRÍA GRANXA, A IGREXA, A * LER MARUZO, O MESÓN DE VARELA, O * MONTE MONTOUTO * PICO, O PIÑEIRO, O PORTA DAS MATAS, A * VENTORRILLO, O
		LANZÁ (SAN MAMEDE)	CABANAS EMPALME DE LANZÁ, O FONTE LANZÁ * LANZÁ OUTEIRO, O RAÑEDO, O REIRÍS SOUTO, O
		MESÍA (SAN CRISTOVO)	AFONSÍN ALVITE AMIL AREOSA ASTRAI * BERXA, A CAMPELO, O CAMPO, O CASTIÑEIRA, A CRUCEIRO, O CURRO, O ESCARAVELLEIRA, A FEÁS FEÁS DE ARRIBA FONDO DA ALDEA GUDÍN IGREXA, A LEBORÍS MONTE, O NOSIÑO OUTEIRO, O RECELLE SOBRADO * TELLEIRA, A TIÑOSO TORRE, A
CASTRO (SAN SEBASTIÁN)	CARBALLEIRA, A GOSENDE IGREXA, A LAGO, O * NASEIRO PAZO, O PONTE, A RECEÁ TELLEIRO, O VILA, A XUNQUEIRAS, AS		
CUMBRAOS (SANTA MARÍA)	BREA, A CABRA, A CARBALLÁS, OS CASTIÑEIRAS * CASAL, O CASTRALLÓN, O		

	VILAR
OLAS (SAN LORENZO)	CALLES, AS CARBALLA, A CARBALLAL, O CIMA DE VILA HEDRA, A IGREXA, A LEBORÍS MANDÁS MATO DE ABAIXO MATO DE ARRIBA MEILÁN PEREIRAS, AS PIÑEIRO, O QUEIROA DE ABAIXO QUEIROA DE ARRIBA SOUTELO XIAO, O
VISANTOÑA (SAN MARTIÑO)	BUSTO CALEXO, O CALZADA, A CARBALLEIRA, A CASTRO, O COVELO ESCARAVELLEIRA GUITIRIZ IGREXA, A MARTICES, OS PAINCEIRA, A PEDRIDO, O POUSADOIRO, O RIBEIRA, A RICOS, OS ROCHIÑO GRANDE, O * ROCHIÑO PEQUEÑO, O SEBLE VALGA, A VILANOVA
XANCEDA (SALVADOR)	AROSA BELEDO, O CAMIÑOS, OS CAMPO DA IGREXA CAMPO, O CASAGRANDE, A CASANOVA, A CASTRO, O

*** CORREDOIRAS, AS**
CORRILLOS, OS
COUTO, O
*** CHAMUÍN**
FONTE, A
FRAGA, A
MATA
*** ORDOÑO**
PEREIRAS, AS
PEREIRUGA
REBOREDO
*** REDONDA, A**
XANCEDA VELLA

* NOTA: Estes núcleos inclúesen despois do traballo de campo.

Este listado correspondese có publicado no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, polo que se aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña. Elimináronse as entradas correspondentes ao núcleo de Campo das Mentiras e A Igrexa, na parroquia de San Salvador de Xanceda, ao non existir como tales, e incluíuse o Campo da Igrexa, como resultado do traballo de campo. Do mesmo modo inclúesen aqueles grupos de vivendas que non se atopan incluído no referido nomenclátor.

A tipoloxía dos asentamentos predominante no municipio é a aldea pechada, con casarío espallado, en moitos casos formando varios grupos de edificacións abondo distanciados entre si. A distribución das edificacións sitúase xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e o monte.

A maioría dos lugares conta con agrupacións moi pequenas, de entre 10 e 25 edificacións de carácter netamente rural, na súa maioría de tipoloxía illada e en raras ocasións unidas en medianeiras en torno a un camiño.

Esta tipoloxía de asentamento fica fielmente reflectida no relativamente alto número de aldeas existentes, cunha media de 15 entidades de poboación por parroquia, que vese distorsionada se temos en conta que as parroquias como Bruma, só teñen un núcleo.

En canto ás comunicacións conviría engadir que nos atopamos ante dúas realidades. Por un lado unha rede de camiños, nas zonas peor comunicadas e abruptas, que se corresponden con aqueles que localízanse na vertente sur do río Samo y norte de la parroquia de Visantoña, que conectan a estrutura de núcleos máis pequenos e regresivos, con tendencia á perda progresiva de poboación. Por outro unha boa rede de pistas asfaltadas e estradas que posibilita unhas boas comunicacións, principalmente no eixe leste-oeste, como é a AC-223a zona este e

oeste, como son as parroquias de Niñodagua, Serentes, Rairiz e A Ponte Arcediago por un lado, e Visantón e Pezobre polo outro.

Nelas aparece, por último, un novo tipo de asentamento que, se ben polo momento non tivo aínda graves consecuencias, podería supor no futuro un grave problema urbanístico, como xa o supuxo en outras áreas: a localización de casas-vivendas illadas ao longo de calquera pista ou estrada, que viría a acabar coas actuais características de ocupación do territorio e ademais a dificultar a dotación das necesarias infraestruturas urbanísticas.

4.1.2.- TIPOLOXÍA EDIFICATORIA

A arquitectura do municipio pódese apreciar a través do estudo das diferentes tipoloxías arquitectónicas.

No concerninte á tipoloxía das edificacións tradicionais dedicadas a vivenda, cunhas características abertamente agrícolas ou gadeiras, podemos apreciar un reparto equitativo entre as edificacións de planta baixa e as de baixo e planta, cun lixeiro predominio das primeiras. En calquera caso atópanse ocupadas por unha soa vivenda con numerosos engadidos e espazos anexos vinculados aos usos agrícolas que nalguns casos xeran a aparición de edificacións auxiliares que atinxiron unha grande importancia dentro da composición dos tecidos de cada asentamento, como consecuencia dos seus peculiares volumes e a súa localización a redor da casa-vivenda principal.

O estudo tipolóxico da casa-vivenda permítenos, finalmente a extracción do seguinte modelo arquitectónico como o mais estendido da zona:

- Unha primeira vivenda, de maior antigüidade, de planta rectangular ou en "L", composta de dous volumes, un con estrutura de B+I que forma o corpo principal e outro de planta baixa, que se estende sobre os anexos. Os muros son de cachotería, de boa labra, que pese á falta de coidados permitiu que na actualidade se atopen en bo estado. Os esquinais son de sillería, ao igual que os marcos de portas e xanelas, que aloxaban carpinterías de madeira que tras unha reforma pasaron a ser de aluminio. Cuberta a catro augas en corpo principal e de dous no resto con acabado a base de tellas curvas, sobre armazón de madeira, estendéndose sobre os anexos.
- Posteriormente a vivenda pasa a ser de planta rectangular con estrutura de B+I e aproveitamento do baixo cuberta, variando o acabado das fachadas onde a pedra, ao ser de peor calidade, lucíase con morteiro de cemento. Os marcos de portas e xanelas

seguen sendo de sillería. A cuberta é a dúas augas e non estende sobre os anexos, pois estes atópanse afastados da vivenda principal.

Estes últimos anos veñen aparecendo vivendas de carácter tamén agrícola, pero situadas fora dos núcleos, que van introducindo tipoloxías alleas á zona, que se ven influenciadas ou polas edificacións residenciais de carácter periurbano utilizadas como segundas residencias ou por profesionais sen vinculación aos traballos do campo, ou noutros casos por arquitecturas foráneas. Este caso reproducese fundamentalmente nas parroquias mellor comunicadas de Lanzá, Xanceda, Mesía e Visantón.

Un claro expoñente son as numerosas vivendas que xurdiron na zona noroeste do concello, ao longo do AC-230, chegando na actualidade a ser maior o número de vivendas de nova construción que a tradicional de pedra.

De igual maneira obsérvase unha evolución que atópase reflectida nas cabanas e alpendres, pasando das tradicionais de pedra e tella ás de bloque ou ladrillo sen lucir e fibrocemento, chegando nalguns casos a sufrir unhas desafortunadas rehabilitacións, onde se combinan diferentes materiais.

Mención especial teñen algunhas edificacións como os Pazos, pese a que nalgún caso perderon o seu sentido histórico, así como algunha Casa Grande, como a de Xanceda.

4.2.- CONSTRUCCIÓNS DE INTERESE ESPECIAL

Dentro do conxunto arquitectónico do concello podemos destacar aquelas edificacións de maior interese, facendo unha distinción entre a arquitectura relixiosa e a arquitectura civil.

4.2.1.- ARQUITECTURA RELIXIOSA

A maior parte dos templos pódense encadrar entre os séculos XVII e XIX, habendo tamén edificios de séculos anteriores como a de San Martiño de Cabrui e Sta. María de Cumbras que datan do século XIII ou Sta. Mariña de Albixoi e a Capela de Bruma que datan do século XVI.

A tipoloxía arquitectónica repítese en case todas elas, sendo constantes unha serie de elementos tales como a planta rectangular na que se inscriben unha capela maior situada na cabeceira – de planta cadrada ou rectangular - e unha nave que se separa da ábsida por medio dun arco triunfal. Case tódolos exemplos posúen unha sancristía pegada a un dos muros do presbítero, que pode ter acceso dende o interior e dende o exterior. Constitúen

excepción as igrexas de San Cristovo de Mesía e a do Divino Sanvador de Xanceda , con plantas de cruz grega e latina respectivamente, se ben ámbalas dúas presentan sancristía pegada ó presbiterio. Outras características comúns son as estruturas de madeira como cuberta ou incluso de formigón, como é o caso de San Lourenzo de Olas, a presenza de coro elevado de madeira ós pés e o emprego de uros lucidos deixando a cantería á vista na fachada e nas esquinas de marcos e dos vans.

Na parte frontal, moi similar en todas elas, concéntrase a práctica totalidade da decoración, que adoita ter unha composición simétrica co característico sistema pentagonal, rematado na parte superior por unha cornisa a dúas augas, que se ve truncada pola espadana que a coroa. Esta sitúase nun eixo central imaxinario xunto coa porta, xeralmente rectangular a excepción da de Santiago de Bascoi, formada por un arco de medio punto de grandes doelas, e un pequeno oco. A fornela que alberga ó santo que dá nome á igrexa non aparece en ningún dos exemplos barrocos analizados no concello. No referente ós campanarios, a tipoloxía xeral é a espadana composta por un ou dous corpos, que é o lugar no que se concentra a decoración composta principalmente por pináculos.

Pola súa relevancia histórica é preciso citala capela do Hospital de Bruma vinculada ó Camino Inglés, que segue a tipoloxía citada, aínda que impregnada de rusticidade e hoxe en día lixeiramente transformada por remodelacións recentes.

Como elemento singular, sinalar a presenza dun rosetón pétreo dunha soa peza na capela de San Antonio que non aparece en ningún exemplo da zona.

4.2.2.- ARQUITECTURA CIVIL

Dentro da arquitectura civil se conservan algúns Pazos destacando o Pazo de Recelle, O Pazo de Lago, A Casa Grande de Xanceda, Casa da Vila e A Casa do Coronel. Mención aparte ten a Torre-Fortaleza de Mesía, protexido polo Decreto de 22 de abril de 1949 e considerado ben de interese cultural pola mesma disposición adicional.

Pazo de Recelle

Esta casa foi contruída no século XVII por D. Antonio Varela do Barreiro e Dona Inés Fernández Marzoa. A edificación é unha grande casa solariega que conserva un escudo no que se aprecian as faicas e as torres dos Ribera ou Puga, a roda de Santa Catalina dos Varela, a casa dos Espantoso e tres flores de lis. Os señores de Recelle foron os fundadores en 1650 da capela de Nosa Señora de Arxán, situada na mesma parroquia. Esta capela posúe un retablo de estilo neoclásico de 1776, restaurado na actualidade, ó igual que a totalidade do edificio.

Pazo de Lago

O Pazo de Lago, construído no S. XVIII, pertencente aos Vereas e Aguiar, encóntrase na parroquia de Castro.

É un edificio rectangular de cachotería cunha cheminea de grandes proporcións. A súa sinxela fachada, na que cabe destacar un reloxo de sol, corresponde á dunha tradicional casona de labradores. Posúe unha pequena Capela no recinto e un hórreo de dimensións considerables, ambos en boas condicións.

Casa Grande de Xanceda

De estilo barroco, orixinalmente tiña un torreón e unha pequena capela advocada á Virxe do Rosario. Pertenceu ó Marquesado de San Martiño de Ombreiro. Aínda conserva unha pequena torre de planta cadrada adosada ó edificio principal ademais dun desgastado escudo no que aparecen as armas dos Mosquera, Aguiar e Montenegro.

Casa da Vila

Mandada construír por Saturnino Aller, que foi presidente da Deputación da Coruña. Data do S. XIX e posúe unha biblioteca cun bo número de volumes, ó igual que un observatorio na parte máis alta, pois alí vivía don Ramón Aller, coñecido astrónomo irmán do antigo dono.

Torre-Fortaleza de Mesía

Torre-fortaleza está situada no lugar de A Proba, parroquia de Santiago de Bascoi. No que hoxe son ruínas, estivo no pasado ubicada a cabeza da xurisdición de Mesía que abarcaba 45 parroquias, incluídas as dos concellos limítrofes. Dita xurisdición estivo exercida desde o século XV polo bispo de Santiago.

A torre-fortaleza de Mesía era un punto estratéxico de carácter militar que significaba o control e o dominio territorial dunha ampla zona xeográfica.

Esta fortaleza comeza a edificarse a finais do século XIII ou principios do XIV.

A construción consta dunha torre interior amurallada, con defensas exteriores de forma poligonal e rodeadas dun foso. A torre da homenaxe era moito máis alta que as murallas e probablemente estivera almenada, como a maior parte dos castelos da época.

Nalgúns puntos a construción chega a ter 18 metros de elevación, e os muros teñen un grosor medio de 2,5 m. Non se conserva documentación gráfica do seu aspecto orixinal.

Distintos autores citan o señorío de Mesía e a súa torre ó longo da historia, e atopamos descrições moi interesantes como a que fixo o Cardeal Hoyo en 1608, cando visitou esta diócese:

"La fortaleza de Mesía está a siete leguas de la ciudad de Santiago hacia Betanzos. Tiene las paredes fuertes y unos durrumbaderos por toda ella, Alrededor y por la parte Oriente y del Septentrión, la cerca un río (el Samo) y sólo la entrada por la puerta tiene llana. Tiene algunos aposentos y razonable vivienda, pero muy lóbrega y melancólica. En la fortaleza y juzgado de Mesía, que tiene 2000 vasallos, pone (el Arzobispo) un juez, el cual asimismo es alcaide de dicha fortaleza."

As primeiras noticias escritas que se teñen acerca do castelo datan de 1401 e trátanse dun documento no que Gonzalo Díaz de Mesía, señor desta xurisdición, foi pleito de homenaxe nas mans de Bernal Yáñez de ter a fortaleza polo Arcebispo D. Lope de Mendoza. O nome de Gonzalo Díaz de Mesía aparece nunha inscrición que figuraba no dintel da porta da torre da homenaxe: (ESTA CASA FEZO D. GONÇLAVO (Gonçalvo) DÍAZ DE MESÍA E SUA MOLER M(María) PRES (Peres).

De Gonzalo Díaz de Mesía di o cronista Vasco de Aponte na súa obra Recuento de las casas antiguas del reyno de Galicia, escrita entre os anos 1510 e 1516 , que "sirvió muy bien al rey D. Enrique y ganó las siete felegresías, era hombre esforçado y valiente. Tenía cuarenta lanças y cien hombres. (...) Si le mataban un hombre, el mataba dos por el. Abatió la casa de Ledoyra, Guerreábase con Ruy Sánchez, su primo, haciéndole dos por una. El arçobispo no le hacía fuerza."

O seu fillo, García Díaz de Mesía, reitera en 1427 o pleito e a homenaxe, en mans de Bermúdez de Montaos. O morrer García Díaz, herda a súa única filla Dona Constanza, casada con D. Alvaro de Castro, quen ó morrer a súa muller sen descendencia, posesionase da casa e das terras.

Según Vasco de Aponte, despois da morte de Dona Constanza, Ares Pardo das Mariñas, primo de García Díaz de Mesía, e parente máis próximo da falecida, ó enterarse casa a súa filla Dona Berenguela con Alonso de Mendoza e dalle a Casa de Mesía en dote.

A escritura dotal é de 1430, e contra o que era de esperar, o Arcebispo Don Lope de Mendoza, que litigaba dende moito antes pola posesión da fortaleza, non se opuxo a este asunto quizais por ser tío de Alonso de Mendoza, ou ben porque o dereito que os prelados compostelanos decían ter, era puramente nominal.

Dona Berenguela das Mariñas e Don Alonso de Mendoza tiveron un único fillo, herdeiro absoluto da xurisdición e da fortaleza, Chamado Don Lope Pérez de Mendoza. O Arcebispo seguinte, Don Rodrigo Luna, quiso disputarlle a propiedade nun escrito do 29 de marzo de 1457 no que lle advirte a D. Lope que non tome posesión sen o seu consentimento.

Don Lope Pérez, a súa morte, acaecida cara ó 1462, deixa en testamento as terras e a fortaleza ó seu tío Gómez Pérez das Mariñas, irmán da súa nai Dona Berenguela.

O ano 1467 foi determinante na historia da torre-fortaleza. Os Irmandiños tomárona e foi destruída, pero ó ser abandonada por estes, o Arcebispo Fonseca usurpou a propiedade e restaurouna.

Despois da famosa batalla de Altamira, os cabaleiros galegos ó mando de Gómez Pérez das Mariñas, derrotaran a Fonseca, recuperando o dominio sobre as fortalezas e castelos dos que se tiña apoderado o prelado aproveitando as sublevacións irmandiñas.

Gómez Pérez deixou a torre en herdanza á súa filla Dona Ginebra, xunto coa xurisdición e as terras de Mesía, máis ó casar co castelán Luis Azevedo e marchar para Salamanca, outros señores do entorno usurparon a torre, e pretenderon construír máis castelos neste territorio. Así, Azevedo e a súa muller quéixanse a raiña Isabel a Católica, que atendeu as súas demandas en Valladolid no 1476, ordenando ás xustizas de Galicia que impedisen a edificación de outras fortalezas na xurisdición de Mesía.

Ó morrer Dona Ginebra, herdou a súa filla Dona Catalina, que foi casada con Don Antonio de Quiñónez e perdeu a casa. O cronista non explica quen foi o usurpador, aínda que o máis seguro é que se trate do Arcebispo Alonso II de Fonseca, fillo e sucesor do outro prelado do mesmo nome, e primo de Dona Catalina, pois de feito, desde 1523 a fortaleza pasa a ser propiedade da Mitra compostelana.

Así foron pasando os séculos, e no 1858 a construción conservábase intacta, como o confirmaban as "guías" de Galicia publicadas na etapa decimonónica, que citaban a torre como un dos monumentos arquitectónicos máis dignos de ser visitados.

Só dous anos máis tarde, o poeta Ángel Corzo, nunha carta persoal a D. José Domínguez de Izquierdo, comenta que " hace dos días que estoy en Mesía, quise visitar su antiguo castillo, y lo encuentro deshecho por el pico y la hazada del hombre".

A torre debeuse desplomar en 1859. Xa extinguidas as xurisdicións, e creados os municipios, o Concello de Mesía adoptou por armas no seu escudo a famosa torre, reproducida en 1847 no selo municipal

4.3.- INFRAESTRUCTURAS EXISTENTES

A maioría das dotacións do concello localízanse na capital municipal, Xanceda, na parroquia de San Salvador de Xanceda e no núcleo de Visantoña, na parroquia de San Martiño de Visantoña. Non aparecen no resto do termo municipal máis que elementos aillados e tradicionais, como son as dotacións relixiosas, o equipamento comercial de primeira necesidade ou, nalgunha parroquia, as escolas e equipamentos deportivos.

Servicios Sanitarios.

Dous son os centros de saúde cos que conta o municipio: un, en Visantoña, na mesma parroquia e outro en Xanceda.

Servicios Educativos.

Os centros educativos existintes actualmente tenden a cubrir as máis estritas necesidades do municipio, reducíndose ao Colexio Público Integrado de Xanceda, a Escola de educación infantil de Visantoña, así como diversas escolas unitarias situadas en Olas e Mesía.

Equipamentos Relixiosos.

Existen no termo 12 igrexas parroquiais, abertas ao culto, cos seus respectivos cemiterios e 5 capelas en A Pobra (Bascoi), Fonte Lanzá (Lanzá), O Cruceiro (Mesía), Chousa de San Antonio (Olas) e Queiroa de Arriba (Olas).

Equipamentos Socioculturais, festivos e de lecer.

O conxunto de equipamentos socioculturais se centra na Casa de Cultura de Xanceda e diversos Centros Sociais nas parroquias de Boado, Lanzá, Bascoi, Cabrui, Cumbras, Castro e Visantoña.

De igual maneira atopamos diversos espazos libres repartidos polos núcleos que cobren as funcións do campo das festas, así como un área recreativa nas proximidades do río Samo, na parroquia de Olas, compartido co veciño concello de Frades.

Servicios Administrativos.

Se sitúan única e exclusivamente na Casa do Concello, no lugar de Xanceda, na parroquia do mesmo nome.

Equipamentos deportivos.

Neste apartado atopámonos con campos de herba nas parroquias de Visantoña, Mesía, Albixoi, Xanceda, Olas e Cabrui, un campo de area en Visantoña, pavillóns cubertos en Xanceda, Olas, Visantoña e Lanza, unha pista depadel en Cabrui, destacando o Complexo Deportivo Mata, en Xanceda.

Actividades comerciais.

Estes atópanse ao amparo das grandes urbes como son Santiago e Ordes, e en menor medida A Coruña, que en moitos casos supren as necesidades municipais, dada a súa proximidade e boa comunicación, se ben é certo que en Visantoña e Xanceda ubicáronse equipamentos que cobren as primeiras necesidades.

Abastecemento de auga.

Na zona leste do concello existe un depósito de captación e punto de bombeo no río Tambre que manda a auga ata dous depósitos na zona norte das parroquias de Cumbras e Albixoi.

En xeral, o abastecemento de auga realízase por medios propios (pozos de auga individuais) e pequenos abastecementos, por gravidade, desde o manancial ata depósitos reguladores en puntos de maior cota que as vivendas e desde estes en canalizacións ata os puntos de consumo.

Saneamento.

Atópase en execución nos núcleos de Xanceda e Visantoña.

BIBLIOGRAFIA E FONTES DE INFORMACION.**CARTOGRAFIA**

- Mapa de Galicia. Escala 1:200.000. Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70. Mapa Topográfico Nacional Escala 1/50.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 71. Mapa Topográfico Nacional Escala 1/50.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70-I. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70-II. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70-IV. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 71-I. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 71-III. Mapa Topográfico Nacional. Escala 1/25.000. Instituto Xeográfico Nacional.
- Folla 70. Mapa Xeolóxico de España. Escala 1/50.000. Instituto Xeolóxico de España.
- Folla 71. Mapa Xeolóxico de España. Escala 1/50.000. Instituto Xeolóxico de España
- Mapa geocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico y Minero de España
- Mapa de clases agrólogas. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Evaluación dos recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Segundo Inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA.

XEOLOGIA E XEOTECNIA.

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Minero de España
- Mapa geocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Minero de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Minero de España

XEOMORFOLOXIA

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Minero de España
- Mapa geocientífico do medio rural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Minero de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Minero de España

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedera. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA

SOLOS

- Mapa de clases agrolóxicas. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos y aproveitamentos. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Dirección Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa de rocas industriais. Intitulo Xeolóxico e Mineiro de España
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Maralbés Bedra. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA

VEJETACIÓN

- Mapa de clases agrolóxicas. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura
- Mapa de cultivos y aproveitamentos. Evaluación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación
- Mapa geocientífico del medio rural. Ministerio de industria y Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía y Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Segundo Inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. LA Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. ICONA
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedera. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de FENOSA

HIDROLOXÍA

- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Enderezo Xeral de minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa geocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España

FAUNA

- Mapas cinexéticos. Consellería de Agricultura. Cotos de caza. Acoutados de Pesca
- Atlas de vertebrados de Galicia. Concello da cultura galega.

RECURSOS NATURAIS

- Mapa de clases agrolóxicas. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura

- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Mapa xeotécnico xeral. Ministerio de Industria. Enderezo Xeral de Minas. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa geocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Mapa xeolóxico de España. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Segundo inventario Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Anuario de Estatística Agraria 1.993. Xunta de Galicia.

CLIMA

- Mapa geocientífico do medio natural. Ministerio de Industria e Enerxía. Secretaría Xeral da Enerxía e Recursos Minerais. Instituto Xeolóxico e Mineiro de España
- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Bioclimatoloxía de Galicia. Alexo Carballeira e Outros. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA. A Coruña 1.983
- Caracterización agroclimática da provincia Da Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Sección de datos do Instituto Nacional de Meteoroloxía.

PROPIEDAD DO SOLO

- Desenvolvemento territorial e planificación comarcal. OU Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Andrés Precado Ledo. Sección Monografías. Xunta de Galicia
- Desenvolvemento local e Comarcalización. Coordinación por Antonio Precado Ledo e A. Vázquez Barqueiro. Serie Monografías. Xunta de Galicia.

ESPACIOS NATURAIS

- Elementos e conxuntos do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico e cultura
- Noticias Arqueolóxico-Numismáticas do Castro Lupario Fernando Cuña Castroviejo e Milagres Cavada

DEMOGRAFÍA

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia
- Estatísticas do praza de Traballo. Anuario 1.993. Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística. consellería de Economía e Facenda.
- A poboación de Galicia. Proxeccións. Centro de información Estatística de Galicia. Consellería de Economía e Facenda
- Enquisa de Poboación Activa en Galicia (EPA) Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Instituto Galego de Estatística

ACTIVIDADES ECONÓMICAS

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Mapa de clases agrólogas. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura.
- Mapa de cultivos e aproveitamentos. Avaliación de recursos agrarios. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación
- Segundo inventario Forestal Nacional 1.986-1.995. A Coruña. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. ICONA
- Renda Municipal en Galicia. Serie e Territorio. Fundación Caixa Galicia
- Anuario de Estatística Agraria 1.993. Xunta de Galicia
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia
- Estatísticas do Praza de Traballo. Anuario 1.993. Xunta de Galicia. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda
- Enquisa de Poboación Activa en Galicia (EPA). Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda. Instituto Galego de Estatística

VIVENDA

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Barrié da Maza, Conde de FENOSA
- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

EQUIPAMENTOS

- Galicia na súa realidade xeográfica. Rosario Miralbés Bedeira. Fundación Pedro Barrié da Maza, Conde de FENOSA

- Galicia en cifras. Anuarios 1.989, 1.990, 1.991, 1.992 e 1.993. Instituto Galego de Estatística. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia.

PATRIMONIO

- Inventario de bens culturais. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
- Inventario arqueolóxico de A Coruña. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
- Inventario do Patrimonio Etnográfico e Inmobiliario. Enderezo Xeral de patrimonio cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.